

internacional


MES DA PRENSA EN RUBIÁNS

Como se achega o mes da prensa en Rubiáns, todas/as os/as nenos/as do colexio enviaron cartas ás distintas embaixadas do mundo, para pedir información. Mandáronnos periódicos, revistas, folletos... Estanse a expoñer na entrada do colexio para que todas e todas podamos velos, tocalos e leelos.




cultura

ABRAHAM CARREIRO NO COLEXIO



CONCERTO EN COMPOSTELA

O pasado 24 de febreiro os nenos de 5º e 6º foron a Santiago xunto o CEIP da Escardia. Alí bailaron e divertíronse ó son da guitarra e voz de Daniel Griffin. Tamén visitaron a fermosa Catedral e as súas cubertas. Foi un día redondo.



O ilustrador Abraham Carreiro, fillo de Pepe Carreiro, o creador dos "Bolechas", veu visitar o noso colexio. Ensináronnos os libros que fixera, e despois debuxou a labela, a mascota da biblioteca. Foi un día moi divertido!


EXCURSIÓN DO COLEXIO DE RUBIÁNS

Todos os nenos e mestres do C.E.I.P. de Rubiáns realizamos unha excursión o xoves 23 de febreiro, Á Coruña, para visitar: "O Acuario", "A Casa das Ciencias" e "O Domus".


Para facer esta excursión foron necesarios dous autobuses, que saíron do colexio as nove da mañá, aínda que tivemos que estar na parada moi cedo, a viaxe foi longa, sobre todo para os máis cativos, pero aínda así foi unha experiencia moi bonita para todos.

No acuario chamaron a atención os tiburóns, polo seu tamaño, tamén chamou a atención as moreas, pola súa forza nos dentes.

No Domus, vimos unha película en 3D, e agasalláronnos cunhas gafas para poder vela.



OBRA TEATRAL DOS NENOS E NENAS DE 3º: CINDERELLA



Os nenos e nenas de 3º fixeron unha obra teatral chamada

CINDERELLA, o que ven sendo **Cincenta**. A obra estivo ben cos seus personaxes moi ben interpretados e os textos ben aprendidos. Os nenos e mestres do cole botaron moitas risas e pasárono moi ben.

UNHA BIBLIOTECA CHEIÑA DE FANTASÍA

A nosa biblioteca é moi bonita; ten ordenadores, mesas, cores, debuxos e moitos libros. A nosa mascota, Sabela, é un esquío. No 1º trimestre traballamos as personaxes malvadas, no 2º os príncipes e princesas e no 3º, traballaremos os animais. Na biblioteca hai axudantes que se encargan do préstamo, de poñer selos, ordenar os libros. Tamén dan premios: chapas, gomas, libretas, marcapáxinas...

SABELA E COLORÍN POSIBLE PARELLA?

Dise que a nosa mascota Sabela está namorada de Colorín o cabaliño de mar que é a mascota do colexio de Viloxoán. En San Valentín os dous enviáronsen cartas de amor e grazas a ese día quedaron para ir os dous a sumerxirse polo Mundo dos libros. Din tamén que foron pillados paseando pola area, xogando e merendando xuntos ao sol.

¡QUE ROMANTICUÍSIMO!

CARTAS Ó DIRECTOR


Dirixímonos a vostede, Señor Director, para facerlle saber a situación que vivimos os alumnos de Educación Física no C.E.I.P de Rubiáns. Queriamos poñerlle arranxar o ximnasio ou facer un novo. Os nosos motivos son: caen goteiras, pode esvarar un neno e facerse dano... É dicir, ás condicións non son as axeitadas para facer deporte. Agradaríanos moito que o solucionasen, xa que foi prometido e todos sabemos que **AS PROMESAS HAI QUE CUMPLILAS!** Agradeceríamoslle a súa resposta, e máis se fora positiva.

DEPORTES

ENCUNTROS DEPORTIVOS

Este ano participamos nuns encontros deportivos con outros colexios do Salnés. Fixemos unha carreira de Campo a Través, na que gañou Laura Gómez, na súa categoría, e xogamos ó fútbol, baloncesto, bádminton, voleibol e xadrez.

Local



O entroido
Os alumnos/as do 1º ciclo trouxemos fotos dos principais entroidos do mundo para facer un mural.